



ANEXO 1

PARA PAIS/NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais/nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico na Escola Oficial de Idiomas da Coruña, informámoos do protocolo que se seguirá para o control de faltas de asistencia do alumnado e información de ausencias do profesorado.

1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO.

A información sobre as falta de asistencia do alumnado está á súa disposición na plataforma **centrosnet**, á que se accede dende a páxina web da Escola de Idiomas:

<http://www.edu.xunta.es/centros/eoicoruna/>

- **Usuario:** nº de expediente (carné da EOI do/a alumno/a) ou data de nacemento do alumno alumna (00/00/0000)
- **Contrasinal:** nº do DNI do/a alumno/a (sen letra)
- **Contrasinal persoal.**

2. AUSENCIA DO PROFESORADO.

A Escola Oficial de Idiomas non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado cando o/ a profesor/a non pode impartir a súa clase.

Nestes casos, seguirase o seguinte protocolo:

2.1. Ausencia prevista:

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición na páxina web da EOI, no apartado “ausencia do profesorado”. Neste caso o pai/nai ou titor/a deberá comprometerse a non enviar o menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

2.2. Ausencia imprevista. Cando a ausencia do profesorado é motivada por unha causa imprevista, os pais, nais ou titores do menor terán que ou ben vir a recoller ao menor ao seu cargo ou autorizarlo a voltar para casa solo.

**IMPRESO QUE DEBEN CUBRIR PAIS/NAIS/TITORES
DO ALUMNADO MENOR DE IDADE**

**Este impreso debe entregarse coa documentación da
matrícula na secretaría da escola.**

Anexo 2

Nome do alumno/a.....
Curso..... Idioma Horario.....

D/Dna..... pai/nai/titor/a
do/a alumno/a arriba mencionado/a, con número de teléfono
..... e enderezo electrónico

*(por favor, indique un teléfono e enderezo actualizado xa que calquera
comunicación será por estes medios)*

DECLARO que fun informado/a do proceso que se seguirá para a
notificación das faltas do/a menor ao meu cargo e das ausencias do
profesorado.

En canto ás faltas do/a menor comprométome a consultar a información na
plataforma centrosnet.

Polo que respecta ás ausencias **previstas** do profesorado, comprométome a
consultar a información na páxina web da Escola de Idiomas e a non enviar
o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a se reincorpore ou
sexa substituído/a.

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista, entendo que o meu fillo/a
poderá abandoar o centro.

A Coruña, a _____ de _____ de 20__

Asdo:

**SR/A DIRECTOR/A DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE A
CORUÑA**